


O Quirico lambón



Título: O Quirico lambón
Autor: Bernardino Graña
Ilustradora: Ánxeles Ferrer
Editorial: Xerais
Colección: Merlín
Nº páxinas: 56 / 2ª edición
ISBN: 978-84-9782-896-3
Idade: De 7 anos en diante

XER AIS



o autor

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932)

Exerceu como profesor de literatura, en diferentes institutos, ata os anos 90 nos que se xubilou.

Membro do grupo literario Brais Pinto. Formou parte do Consello de redacción da revista poética *Alba*. Participou como articulista en *La Noche* e *Faro de Vigo*.

Promotor e primeiro presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Publicou unha extensa obra no ámbito da poesía (*Poema do home que quixo vivir*.,

Profecía do mar, *Non vexo Vigo nin Cangas*, *Se o noso amor e os peixes...* –Premio

Galicia do Concello de Santiago de Compostela–, *Sima-Cima do voar tolo*, *Himno*

verde)... do teatro (*Vinte mil pesos crime*, *Sinfarín contra don Perfeito* e *Os burros*

que comen ouro nunca cabalos serán –Premio Abrente de Ribadavia 1979–), da

narrativa e da literatura infantil. Entre as súas obras destinadas a este público

podemos citar: *O león e o paxaro rebelde* (premio de contos para rapaces O Facho),

Fins do mundo, *Planeta dos ratos tolos*, *Oso mimoso*, *Namoro de lobo Pipo na escola*

de don Perico, *O gaitero e o Rato Pérez* (Premio Merlín 1993), *Rata linda de*

Compostela, *O lobo e o grilo*, *Cristo e San Pedro, peregrinos*, *Contra o león covarde ou*

Xa Guindán, capitán e *Xan Guindán, mensaxeiro*.

Acaba de gañar o premio Estornela de teatro infantil.

a ilustradora

Ánxeles Ferrer (Valdeorras, 1957)

Dedícase, desde 1993 e de forma autodidacta, á ilustración en libros como *Roxelio e a couza*, *A campá da lúa*, *Contos con sombreiro*, *Que risa de lata*, *Rosalía*, *Peter Pan nos xardíns*, *A casa de cartón*, *Carapuchiña vermella*, *Contos fantásticos*, *Farrapos de nube*, *Lobez...*

Tamén é autora dos textos nos títulos seguintes: *A aventura de Xanzolo*, *A pequena árbore*, *Os señores meses*, *¡Ola, son a lúa!*, *O grilo Gastón* (seleccionado entre os mellores do ano 2003-2004 pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez), *Aido e Tres princesas namoradas* (seleccionado pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez entre os mellores do ano 2006-2007), *Aiku...*

o libro


Bernardino conta que cando era pequeno pasaba tempadas na casa da avoa que tiña unha tenda-tasca preto de Cangas. Alí, axudaba nos traballos dos grandes, na vendima ao remate do verán... e aprendía xogos e palabras dos maiores, todo no galego natural que se falaba. Conta como sentía medo, cando camiñaba pola noite, na máis completa escuridade, despois de escoitar os contos que se contaban na taberna. Lembra o ben que esa xente contaba e como a familia lle ía transmitindo contos populares e ditos «non para que durmisen, senón para todo o contrario, para que avivase...». Entre eses contos estaba este que agora nos ocupa *O Quirico lambón*.

O escritor, no apartado «Cando o autor fala de si» comenta todo isto e a sorte que tivo por escoitar falar sempre en galego, porque cando os maiores contaban non había nada que os interrompise, porque sentían o pracer das historias ben contadas, e aos pequenos alimentábanlle a imaxinación e a capacidade comunicativa. Recoñece que tamén tivo a sorte de que os seus pais gustaban de andar con bos libros nas mans...

Agora, moito tempo despois, el recolle esta historia para que os nenos coma o seu fillo pequeno, Denís, poidan lela. Eses nenos, que antes tiveron a sorte de escoitala, da boca dos seus pais.

Unha historia tomada da tradición popular, con ritmo e con verso; pensada para ser seguida mediante un esforzo de memoria.

temas e valores




Lectura compartida

É un libro que se presta para lelo en compañía e tamén para ser recitado de memoria despois de varias lecturas.




A tradición popular

Os contos con *retabila*, nos que uns elementos se van atando a outros a modo dunha cadea de causa-efecto.



Os animais no imaxinario infantil




O protagonismo do lector

que le o conto ou do que o escoita, pasando a formar parte da historia.



O mundo do principio dos tempos

nos que todas as cousas tiñan vida e falaban.



As personificacións no relato e nas ilustracións



A rima

coma nas cancións e os xogos infantís, achegando a poesía aos pequenos.

actividades

A proposta de actividades xorde das múltiples opcións de xogo arredor do texto. Deben tomarse como a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo, tratalo como se se tratase dun comentario de texto libre ou un proxecto documental ao seu xeito...

Cada mediador deberá escoller aquelas actividades que lle resulten máis adecuadas para o seu alumnado ou a dinámica do grupo, tendo en conta os intereses que o guían; ou creará as súas propias actividades baseándose nas que a continuación se deseñan.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. Realizar algunha actividade en torno a esta lectura ha de complementar a función anterior, pero non debe distraernos do obxectivo principal que é gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man anticiparemos o seu contido. Observando as capas imaxinaremos de que pode tratar e o que imos atopar nel.
- Comentaremos o que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo. Deixamos que vaian aflorando os coñecementos previos acerca deste tema, falamos doutros libros que o teñan tratado e algún que lembremos a partir deste...
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Podemos axudarnos coa lectura da lapela ou do apartado «Cando o autor fala de si». Na lapela atopamos «Bernardino Graña en Merlín» que nos recorda outros libros do autor nesta colección.
- Buscamos todos os libros que teñamos na biblioteca escolar deste escritor. Logo facemos o mesmo cos libros da ilustradora e realizamos unha exposición coas obras de ambos creadores.
- Realizamos unha busca na rede para atopar algo máis co que completar a biobibliografía do creador. Tamén nos documentamos sobre a ilustradora.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos e da opinión que nos mereceron. Podemos axudarnos repasando o apartado «Colección Merlín».

actividades

Títulos máis editados e ultimamente publicados. De 7 anos en diante».

- Realizamos un punto de lectura co que marcar onde estamos lendo. Terá que ter relación co libro.
- Cunha mirada rápida observamos as ilustracións e imaxinamos a historia que pode haber detrás.
- Opinamos sobre estes debuxos e o que nos suxiren.

Ao longo da lectura

- Na primeira edición o autor facía unha recomendación a modo de nota: «Onde se pon tres puntos suspensivos, pódese facer unha lixeira pausa na que os que escoitan o conto adiviñan o que vén a continuación. E onde se poñen máis de tres puntos pódese intercalar o nome de quen escoita ou quen le». Debemos lembralo, deternos na lectura para anticipar ou predicir a continuación, e poñer o nome de quen escoita ou le, facéndose cargo da historia, pasando a formar parte dela.
- Esta nota tamén nos ofrece a posibilidade de xogar, de inventar divertimentos nos que participar ao tempo que lemos. Pensemos en como facelo.
- Está claro que este libro está pensado para lelo directamente ou «por conta allea», é dicir, escoitar e mirar os debuxos mentres outro le. Probemos a achegarnos a el das dúas maneiras, cada unha ten a súa graza e o do gozo.
- Semella un conto para contar a un neno/a pero que se pode ampliar a unha clase, e onde se di neno / nena podemos dicir nenos e nenas.
- Lemos a dedicatoria e observamos a cantidade de información que nos achega. Fagámonos preguntas:
 - A quen lle dedica o libro? Onde vive?
 - Que lle desexa o autor?
 - Onde vive o seu amigo e como se chama?
 - E a pregunta máis difícil pero non imposible: Quen é Denís?
- Identificamos quen nos conta a historia.
- Lémosto xuntos, anticipándonos, explicando os debuxos...
- Memorizamos a historia para poder ir contándoa ao tempo que ensinamos as ilustracións.

actividades

- Observamos o tipo de letra e comentamos se nos gusta máis ou menos que outras.
- Observamos os diferentes personaxes que constitúen o encadeado e completamos a listaxe: Herba, ovella, pau...
- Lemos o texto de forma dialogada, despois de distribuírnos os papeis:
 - Narrador
 - Galo
 - Neno / Nena
 - Herba
 - Ovella
 - Pau
 - Lume
 - Pastor
 - Auga
 - Vaca...
- Como lectores entramos e saímos do conto. Fixémonos ben, mentres o galo infla, o burro ri, as estrelas chaman polo sol... o neno e/ou a nena dorme... e cando o galo canta ao ver saír o sol, o neno e/ou a nena esperta. Porque ... quen somos nós?
- Contestemos:
 - Cres que un burro pode dar leccións?
 - Que comen os galos e galiñas?
 - Onde acostuman vivir os galos? E este onde o fai?
 - Como é Quirico?
 - Cres que o galo é lambón? E mandón?
 - Por que non limpa o galo o seu pico?
 - A quen invitou Perico ao seu casamento?
 - Alguén obedece ao galo Quirico?
 - Cando chaman as estrelas polo sol?
 - Cando cantan os galos?
 - Como empeza e como remata o conto do galo Quirico?

actividades

- Escribímoslle pés de foto ás ilustracións. Escollemos a que máis nos guste e argumentamos a elección.
- Escribimos un texto a partir dunha das ilustracións.
- Citamos todos os animais que aparecen en cada unha das ilustracións.
- Explicamos as ilustracións. Observamos como personifica a ilustradora a todos os animais e o resto dos personaxes, vexetais ou inanimados, da obra.
- Completamos a ilustración da festa introducindo máis animais.
- Describimos a Quirico.
- Poñémoslle nomes:
 - Galo Quirico
 - Burro Perico
 - Herba...
 - Ovella...
 - Pau...
 - Lume...
 - Auga...
 - ...
- Vaíamos contestando ás preguntas do galo. Todos a unha:
 - ¿Comereino?
 - ¿Si ou non?
- Busquemos algunha onomatopea.
- Pode que a historia busque as contradicións como esa primeira na que nos presenta a un burro que pode dar leccións... Que opinamos?
- Buscamos algunha rima nos textos, por exemplo:
 - sorte / forte
 - pico / bonito / Perico
 - bichos / cabritos
 - ...
- Unha vez que teñamos todas as rimas que sexamos quen de atopar, poñémonos a facer versos que rimen, utilizándoas. Por exemplo:



actividades

- É unha sorte
- ser tan forte.
- Que pico
- tan bonito
- ten Perico
- ...

- Observemos estas outras rimas moi doadas:
 - Entrou / manchou / inflou ... Continuamos rimando e explicamos cal é razón de que estas nos saian dunha maneira máis rápida.
- Continuamos o encadeado antes de chegar ao neno:
 - ... Herba / ovella / pau / lume / auga / vaca / pastor / bastón / can / ...
- Agora proba con outro tipo de encadeado, inventándolle o texto no que participen estes elementos:
 - Pano / man / guante / bolso / roupeiro / porta / pé / zapato / zapateiro / ...
- Probemos a inventar outros encadeados:
 - Por exemplo, «Eu díxenlle a María que vira unha estrela. María díxolle a Xoán que eu vira unha estrela. Xoán díxolle a Pedro que lle dixera María que eu vira unha estrela. Pedro díxolle a Mariña que lle dixera Xoán que lle dixo María que eu vira unha estrela...». Continuamos o trabalinguas tentando ir introducindo todos os nomes dos nosos amigos.
- Contamos esa historia, do galo Perico, ao noso xeito.
- Representámola con palabras e sen elas, facendo mimo.
- Tamén podemos facelo por medio de títeres, desa maneira terá moito sentido a participación dos rapaces e rapazas desde o público, colaborando cos personaxes.
- Debuxemos diferentes obxectos personificándoos, dándolles vida, converténdoos en seres animados.


actividades

Despois da lectura

- Aprendemos o texto aos pouquiños. Cada un memoriza un anaco e entre todos poderemos dicilo. Un traballo en equipo!
- Inventámoslle outro título. Podemos ir xogando entre todos e todas para inventar todos os posibles: O Quirico lambón / O burro que dá leccións / O Quirico señorito /...
- Comentemos algún outro conto que nos lembre este.
- Preguntamos aos avós por outros contos que queiran contarnos.
- Aprendemos algún deles.
- Escribimos algunha historia que quedou sen contar como a do pau que non quixo bater á ovella ou a do pastor que non quixo pegarlle á vaca.
- Realizamos unha posta en común na que imos aportando a nosa opinión sobre o libro, o que nos pareceu mellor e peor...
- Se a obra nos gustou, escribimos un texto recomendando a súa lectura. Poderemos colocalo no taboleiro ou publicalo na revista do centro. Tamén podemos presentarlle a outros compañeiros e compañeiras que non a teñan lido.
- Continuamos o relato alí onde o deixou o autor.
- Buscamos unha cita que nos pareza axeitada para colocar neste libro.
- Buscamos outras obras deste mesmo autor e lémolos.
- Pensamos nunha persoa a quen lle regalariamos este libro e escribimos a dedicatoria.
- Imos contar unha historia seguindo este modelo.
- *Cristo e San Pedro, peregrinos* é outro libro de Bernardino Graña. Nel cóntanse as historias de cando Cristo e o seu apóstolo andaban polo mundo probando á xente, vendo se eran bos para premialos ou se eran malos para castigalos. Son estas, historias que se contaron desde sempre, pasando de avós a netos. Preguntade aos vosos se lembran algunha delas e aproveitade para mirar o libro xuntos.
- Localizamos libros nos que se teña recollido literatura tradicional para acceder a outros contos e xogos, á maneira destes.
- Entramos en internet e buscamos a páxina de Galicia encantada, nela poderemos ler moitos destes restos da literatura popular.
- Lembramos que contos, cancións, xogos... nos ensinaron cando eramos máis pequenos.

actividades

- Traemos a algunha avoa ou avó que queira compartir con nós os seus coñecementos de literatura oral, desa que se transmite de boca a oído.
- «De boca a orella» podería chamarse esta literatura tradicional. Probemos transmitir, desta maneira, algo que teñamos aprendido da boca dos pais ou avós.
- A literatura tamén se pode bailar. Así nolo ten demostrado algunha xente que nos ensina ese folclore no que interveñen os movementos, xestos... A ver se podemos aprender algún máis.
- Podemos realizar unha exposición cos fondos de tradición oral cos que contamos na biblioteca do centro. A ser posible coincidindo coa semana da tradición no calendario do libro e a lectura. Esta podería ser a actividade final e resumo de todo o traballo realizado nas aulas e coa colaboración das familias. Desta maneira fariamos posible esa unión entre a educación e a cultura, entre a escola e a familia... tan imprescindible.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 53-2009